

Enquisa de poboación activa. Terceiro trimestre de 2011

NOTA DE PRENSA

No terceiro trimestre de 2011 a taxa de paro sitúase no 17,2%

Activos

No terceiro trimestre de 2011 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.376.600 persoas, das cales 1.313.500 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 55,3%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos aumenta en 2.600 persoas e a taxa de actividade dúas décimas.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos diminúe en 500 persoas e a taxa de actividade aumenta dúas décimas.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Dato do trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|-------------------------------------|--------------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación de 16 ou máis anos | 2.376,6 | -0,9 | 0,0 | -6,6 | -0,3 |
| Activos | 1.313,5 | 2,6 | 0,2 | -0,5 | 0,0 |
| Ocupados | 1.087,0 | -4,4 | -0,4 | -31,7 | -2,8 |
| Parados | 226,5 | 6,9 | 3,1 | 31,2 | 16,0 |
| Inactivos | 1.063,1 | -3,4 | -0,3 | -6,1 | -0,6 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade feminina aumenta unha décima con respecto ao segundo trimestre de 2011 e sitúase no 49,3%. Pola súa banda, a taxa de actividade masculina aumenta dúas décimas ata o 61,8%.

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|---------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación activa | | | | | |
| Total | 1.313,5 | 2,6 | 0,2 | -0,5 | 0,0 |
| Homes | 702,0 | 2,0 | 0,3 | -10,1 | -1,4 |
| Mulleres | 611,6 | 0,7 | 0,1 | 9,7 | 1,6 |
| Taxa de actividade | | | | | |
| Total | 55,3 | 0,2 | - | 0,2 | - |
| Homes | 61,8 | 0,2 | - | -0,8 | - |
| Mulleres | 49,3 | 0,1 | - | 1,0 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación baixa en 4.400 persoas no trimestre ata situarse en 1.087.000 ocupados. A taxa de ocupación diminúe 2 décimas no terceiro trimestre de 2011 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 31.700 persoas o que supón unha redución do 2,8% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha caída no número de homes ocupados (1.000 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (3.400 menos). Isto tradúcese nunha baixada de 0,3 puntos na taxa de ocupación feminina. A taxa de ocupación masculina mantense constante no 51,8%.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2010, o número de homes ocupados descende en 25.000 persoas mentres que o de mulleres ocupadas faino en 6.700. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 4,1% para os homes e do 1,3% para as mulleres.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|--------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación ocupada | | | | | |
| Total | 1.087,0 | -4,4 | -0,4 | -31,7 | -2,8 |
| Homes | 587,4 | -1,0 | -0,2 | -25,0 | -4,1 |
| Mulleres | 499,6 | -3,4 | -0,7 | -6,7 | -1,3 |
| Taxa de ocupación | | | | | |
| Total | 45,7 | -0,2 | - | -1,2 | - |
| Homes | 51,8 | 0,0 | - | -2,0 | - |
| Mulleres | 40,2 | -0,3 | - | -0,5 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE 2009), o número de ocupados nos servizos baixa en 4.500 persoas no trimestre e sitúase en 731.400. A construción perde 3.500 ocupados, mentres que a industria e a agricultura e pesca gañan 900 e 2.600, respectivamente.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados cae na construción un 16%, na agricultura e pesca un 5,3% e nos servizos un 2,2%. Porén, os ocupados na industria medran un 3,7%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|---------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Total | 1.087,0 | -4,4 | -0,4 | -31,7 | -2,8 |
| Agricultura e pesca | 85,7 | 2,6 | 3,1 | -4,8 | -5,3 |
| Industria | 179,6 | 0,9 | 0,5 | 6,4 | 3,7 |
| Construción | 90,2 | -3,5 | -3,7 | -17,2 | -16,0 |
| Servizos | 731,4 | -4,5 | -0,6 | -16,3 | -2,2 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 853.500 asalariados no terceiro trimestre de 2011, 632.500 con contrato indefinido e os 221.000 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 12.200 asalariados menos con contrato indefinido, o que supón unha diminución do 1,9%. O número de asalariados con contrato temporal aumentou en 10.800 persoas (un 5,1% máis). No

que respecta á variación interanual, os asalariados con contrato indefinido diminuíron un 2,3% e os con contrato temporal un 4,1%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, aumenta 1,3 puntos neste trimestre ata o 25,9%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|------------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación asalariada | | | | | |
| Total | 853,5 | -1,4 | -0,2 | -24,6 | -2,8 |
| Contrato indefinido | 632,5 | -12,2 | -1,9 | -15,2 | -2,3 |
| Contrato temporal | 221,0 | 10,8 | 5,1 | -9,4 | -4,1 |
| Taxa de temporalidade | 25,9 | 1,3 | - | -0,3 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No terceiro trimestre de 2011 Galicia conta con 226.500 parados, 6.900 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 3,1%. A taxa de paro sobe 5 décimas e sitúase no 17,2%.

Con respecto ao terceiro trimestre do ano 2010, o número de parados aumenta en 31.200 persoas (un 16%) e a taxa de paro 2,3 puntos.

Este trimestre o paro sobe máis entre as mulleres (4.100 parados máis) que entre os homes (2.800). O número total de homes parados é de 114.500 e o de mulleres 112.000. A taxa de paro masculina e feminina incrementáanse 0,3 e 0,6 puntos ata o 16,3% e o 18,3%, respectivamente.

No tocante á variación interanual, o número de parados incrementábase en 14.800 persoas entre os homes (un 14,8% máis) e 16.400 entre as mulleres (un 17,2% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|-------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Poboación parada | | | | | |
| Total | 226,5 | 6,9 | 3,1 | 31,2 | 16,0 |
| Homes | 114,5 | 2,8 | 2,5 | 14,8 | 14,8 |
| Mulleres | 112,0 | 4,1 | 3,8 | 16,4 | 17,2 |
| Taxa de paro | | | | | |
| Total | 17,2 | 0,5 | - | 2,3 | - |
| Homes | 16,3 | 0,3 | - | 2,3 | - |
| Mulleres | 18,3 | 0,6 | - | 2,4 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No terceiro trimestre de 2011, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados medrou en 3.200 fogares, ata acadar os 65.000. Respecto ao terceiro trimestre de 2010 esta tipoloxía de fogares incrementase un 12,3%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados baixa en 6.500. O número de fogares nesta situación é de 547.800. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 32.100 fogares menos nesta situación, o que supón unha baixada do 5,5% en termos relativos.

Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de vivendas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|---------------------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Total | 1.025,6 | 3,4 | 0,3 | 1,4 | 0,1 |
| Fogares con polo menos un activo | 739,6 | -2,9 | -0,4 | -8,6 | -1,1 |
| Todos os activos son ocupados | 547,8 | -6,5 | -1,2 | -32,1 | -5,5 |
| Todos os activos son parados | 65,0 | 3,2 | 5,2 | 7,1 | 12,3 |
| Con ocupados e parados | 126,9 | 0,5 | 0,4 | 16,6 | 15,0 |
| Fogares nos que non hai ningún activo | 286,0 | 6,4 | 2,3 | 10,0 | 3,6 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación xuvenil

Dos 396.700 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 240.400 están ocupados, 68.600 parados e os 156.300 restantes son inactivos (o 86,1% estudantes).

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 43,3% no terceiro trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior medrou 1,9 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2010 baixou 2,5 puntos.

A taxa de paro xuvenil baixou durante o trimestre 0,7 puntos ata situarse no 28,6%. En comparación co terceiro trimestre de 2010 incrementouse 3,2 puntos.

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Dato do trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | | |
|----------------------------------|--------------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|--|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | |
| Poboación de 16 a 29 anos | | | | | | |
| Activos | 396,7 | -4,6 | -1,2 | -19,5 | -4,7 | |
| Ocupados | 240,4 | 5,5 | 2,3 | -15,1 | -5,9 | |
| Ocupados | 171,7 | 5,7 | 3,4 | -19,0 | -9,9 | |
| Parados | 68,6 | -0,2 | -0,2 | 3,8 | 5,9 | |
| Inactivos | 156,3 | -10,1 | -6,1 | -4,4 | -2,7 | |
| Taxa de actividade | 60,6 | 2,1 | - | -0,8 | - | |
| Taxa de ocupación | 43,3 | 1,9 | - | -2,5 | - | |
| Taxa de paro | 28,6 | -0,7 | - | 3,2 | - | |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No terceiro trimestre de 2011, o 79,9% dos ocupados de entre 16 e 29 anos ten xornada completa. Para o conxunto dos ocupados esta porcentaxe é do 88,1%. Con respecto ao segundo trimestre de 2011, aumenta o número de mozos con xornada completa (5,1%) e diminúe o número dos que teñen xornada parcial (2,8%). Con respecto ao terceiro trimestre de 2010 prodúcese unha baixada do 13,4% nos mozos ocupados con xornada completa e un incremento do 7,1% para os que teñen xornada parcial.

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | | |
|------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|--|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | |
| Tipo de xornada | | | | | | |
| Total | 171,7 | 5,6 | 3,4 | -19,0 | -10,0 | |
| Completa | 137,2 | 6,7 | 5,1 | -21,2 | -13,4 | |
| Parcial | 34,6 | -1,0 | -2,8 | 2,3 | 7,1 | |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 151.600 asalariados existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, 69.100 teñen contrato indefinido, o que supón unha subida do 3,3% respecto ao trimestre anterior e unha

caída do 12,4% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Pola súa banda o número de mozos asalariados con contrato temporal medrou un 7% no trimestre ata situarse en 82.500. Respecto ao terceiro trimestre de 2010 produciuse unha caída do 9,9% para os mozos con este tipo de contrato.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 54,4% no terceiro trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior esta taxa incrementouse 0,9 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior 0,7 puntos.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | Trimestre actual | Variación sobre o trimestre anterior | | Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior | |
|-----------------------------|------------------|--------------------------------------|--------------|---|--------------|
| | | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) | Absoluta (diferenza) | Relativa (%) |
| Duración do contrato | | | | | |
| Total | 151,6 | 7,5 | 5,2 | -19,0 | -11,1 |
| Indefinido | 69,1 | 2,2 | 3,3 | -9,8 | -12,4 |
| Temporal | 82,5 | 5,4 | 7,0 | -9,1 | -9,9 |
| Taxa de temporalidade | 54,4 | 0,9 | - | 0,7 | - |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Grandes municipios

Para os sete grandes municipios galegos, Lugo é o que presenta a maior taxa de ocupación (52,6%). Ferrol, cun 45,5%, é o concello coa menor taxa de ocupación, e Pontevedra e Vigo son os que contan cunha maior taxa de paro (20,9% e 20,5%, respectivamente).

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes municipios galegos. Terceiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Santiago de Compostela | Vigo | Ferrol |
|-------------------------------------|--------------|-------------|-------------|-------------|------------------------|--------------|-------------|
| Poboación de 16 ou máis anos | 211,9 | 86,6 | 94,6 | 73,0 | 82,0 | 255,6 | 61,6 |
| Activos | 128,2 | 52,9 | 53,2 | 45,2 | 48,4 | 153,7 | 34,6 |
| Ocupados | 107,6 | 45,6 | 45,5 | 35,8 | 40,0 | 122,2 | 28,0 |
| Parados | 20,6 | 7,3 | 7,8 | 9,5 | 8,3 | 31,5 | 6,6 |
| Inactivos | 83,7 | 33,7 | 41,4 | 27,8 | 33,6 | 101,9 | 27,0 |
| Taxa de actividade | 60,5 | 61,1 | 56,3 | 61,9 | 59,1 | 60,1 | 56,1 |
| Taxa de ocupación | 50,8 | 52,6 | 48,0 | 49,0 | 48,9 | 47,8 | 45,5 |
| Taxa de paro | 16,1 | 13,8 | 14,6 | 20,9 | 17,3 | 20,5 | 19,0 |

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica

Síguenos en facebook:

<http://www.facebook.com/pages/Instituto-Galego-de-Estat%C3%ADstica/288505021166027?sk=wall>